

Resolución do 28 de abril de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 769/2009, interposto por Manuel Soler Perille, Alberto García Taboada e Miguel Ángel Llorente Pérez.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 769/2009, interposto por Manuel Soler Perille, Alberto García Taboada e Miguel Ángel Llorente Pérez, contra a desestimación presunta por silencio administrativo das peticións formuladas o 27 de abril de 2009, sobre o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala veterinarios.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo ao referido xulgado. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos no Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela no prazo de nove días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2010.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 12 de maio de 2010, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión de sistemas da información, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 234, do 2 de decembro) pola que se fai pública a relación de aspirantes que superaron o proceso.

En sesión realizada o día 12 de maio de 2010, o tribunal designado para xulgar o proceso selectivo

para o ingreso no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión de sistemas da información, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008 (DOG nº 234, de 2 de decembro),

ACORDOU:

Primeiro.-Publicar como anexo a esta resolución a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións obtidas e con indicación do seu documento nacional de identidade.

De conformidade coa base IV.2 da convocatoria, os aspirantes dispoñen dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta relación de aprobados, para presentar a documentación prevista nas letras a), b) c) e d) da citada base e, de ser o caso, a indicada na base IV.4. da convocatoria.

Segundo.- Elevar a devandita relación ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para os efectos de que os aspirantes que figuran nela sexan propostos para o seu nomeamento como funcionarios de carreira.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2010.

Jaime Barros Leboreiro
Presidente do tribunal

ANEXO

Corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2 Escala de xestión de sistemas de información

Acceso libre

Nº	NIF	Apelidos e nome	1º ex.	2º ex.	3º ex.	Oposición	Concurso	Total
1	32811691Y	Puga Facal, José Antonio	13,67	12,98	Exento	26,65	11,31	37,96
2	36113599B	Sánchez Fabregas, Daniel	11,63	10,02	Exento	21,65	11,49	33,14
3	33266291B	Bueno Capeans, Paulo	14,08	10,60	Exento	24,68	6,81	31,49
4	32836517S	Marcos Doldán, Eva	13,06	15,60	Exento	28,66	2,00	30,66
5	78796584X	Mosquera Mato, Diego	12,44	14,41	Exento	26,85	2,70	29,55
6	32789274Z	Lorenzo Blanco, David	14,69	12,28	Exento	26,97	2,00	28,97
7	32679969M	Herva Iglesias, Gustavo	12,44	13,89	Exento	26,33	2,42	28,75

Promoción interna

Nº	NIF	Apelidos e nome	1º ex.	2º ex.	3º ex.	Oposición	Concurso	Total
1	33328812H	Pinal Moreira, Federico	12,60	12,74	Exento	25,34	8,30	33,64
2	76970584A	Vidal Ces, David	14,40	10,82	Exento	25,22	7,49	32,71
3	52494609F	Barreiro Abal, Pedro Adolfo	12,40	10,96	Exento	23,36	8,80	32,16
4	33294650B	Rodríguez Grille, Emilio José	11,00	12,16	Exento	23,16	8,24	31,40
5	32811200K	Lois Rúa, Francisco José	11,20	10,14	Exento	21,34	8,03	29,37

Resolución do 12 de maio de 2010, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, nomeado mediante Orde do 17 de xullo de 2009, publicada no Diario Oficial de Galicia número 141, do 21 de xullo, pola que se procede á publicación das puntuacións correspondentes á baremación definitiva da fase de concurso.

En sesión realizada o día 12 de maio de 2010, o tribunal nomeado pola Orde do 17 de xullo de 2009, publicada no DOG nº 141, do 21 de xullo, que deberá cualificar o proceso extraordinario de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 18 de xullo de 2008, publicada no DOG nº 144, do 28 de xullo,

ACORDOU:

Primeiro.-Estimar as reclamacións presentadas por José Miguel Iglesias Varela e Beatriz Bello Balado e desestimar o resto.

Segundo.-Modificar de oficio a puntuación outorgada a Beatriz Bello Balado por aplicación do esta-

blecido na base II.2.1.a).1 da convocatoria e incluír na relación de puntuacións a José Miguel Iglesias Varela.

Terceiro.-Proceder á publicación da baremación definitiva da fase de concurso correspondente ao proceso extraordinario de consolidación de emprego. A relación das puntuacións obtidas polos aspirantes recóllese en anexo a esta resolución.

Cuarto.-Realizar os trámites oportunos para a publicación das devanditas puntuacións no taboleiro de anuncios do Servizo do Rexistro Xeral e Información da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

De conformidade coa base II.2.4. da convocatoria, contra estes acordos poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2010.

Miguel Ángel Otero Soto
Presidente do tribunal

ANEXO

Nº	Apelidos	Nome	DNI	Antigüidade		Formación	Total
				Base II.2.1.a.1	Base II.2.1.a.2	Base II.2.1.b	
1	Aboy Fernández	Ana María	33294673B	0	0	1	1
2	Aldariz Torreiro	Daniel	32815762Y	0	0	2	2
3	Alegría García	Fernando	34794440V	0,1	0	2	2,1
4	Alonso Abella	Andrea	35322824E	0	0	1	1
5	Álvarez Fernández	Eva	53162197C	0	0	0,3	0,3
6	Amorín López	Oliva	44825224H	0	0	2	2
7	Argones Rúa	María José	36119657C	0	0	0	0
8	Bailón Fernández	Mónica	44453476L	0	0	1	1
9	Bao López	Antonio Ovidio	33276520M	0	0	1,6	1,6
10	Barreiro López	Lucía	79332719S	0	0	0	0